

NOVO CHAMAMENTO REALIZACIÓN 1º EXERCICIO EXAME TIPO TEST, PROCESO SELECTIVO PARA COBERTURA EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE ALFABETIZADORES DE ADULTOS

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR 1 DE DECEMBRO 2021

O Tribunal cualificador designado para o proceso selectivo enriba referido, reunido en data un de decembro 2021, por consenso de tódolos seus membros, adopta o seguinte ACORDO:

Con ocasión da corrección do 1º exercicio da fase de oposición do proceso selectivo, o Tribunal constatou dúas circunstancias que poderían ser determinantes da súa nulidade.

A primeira delas consiste no feito de que se atoparon dúas páxinas do exame no servizo de reprografía. Ditas páxinas no foron retiradas nin, consecuentemente, custodiadas polo Tribunal no período de tempo comprendido entre a realización das fotocopias e a celebración do exame (aproximadamente corenta e cinco minutos), motivo polo cal debe apreciarse unha potencial rotura da cadea de custodia do exame que conformou o 1º exercicio da Fase de oposición, exame tipo test. En consecuencia, non se pode garantir con seguridade un pleno respecto dos principios de obxectividade, transparencia e igualdade de acceso a prazas na Función pública.

A segunda consiste no feito de que, na confección do exame non se respectou o criterio previamente establecido polo Tribunal de que o test se compuxera por 25 preguntas da parte xeral e 25 da parte específica, co gallo de acadar o equilibrio entre o necesario coñecemento do réxime constitucional e xurídico-administrativo propio da Administración Local e o máis específico das funcións técnicas a desempeñar. De feito, das 50 preguntas 36 corresponderon á parte xeral e unicamente 14 á parte específica.

Por tal motivo, e coa finalidade de garantir os principios constitucionais de acceso ao emprego público, así coma unha correcta valoración das capacidades específicas requiridas para o desempeño do posto de traballo, procede declarar a **NULIDADE** do exame realizado o pasado 24 de novembro.

Declarada a nulidade de tal exercicio, o Tribunal acorda retrotraer o proceso selectivo ao momento de constitución do Tribunal, polo que este órgano convócase novamente para o vindeiro 9 de decembro de 2021 ás 9:00 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial, procedendo a **novο chamamento de aspirantes para realización do 1º exercicio, exame tipo test, ás 13:00 horas igualmente no Salón de Plenos do Concello de Arteixo.**

Asina dixitalmente.- José María Vázquez Pita, Secretario do Tribunal